# O próximo domingo celébrase o I Trofeo de tenis benéfico escolar Concello de Gondomar.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 01 Xuño 2012 22:47



Coa colaboración da Concellaría de Deportes, o Club de Tenis Gondomar optou pola organización dun torneo benéfico. Os xogadores avalarán a súa participación coa achega de 1 kg de alimentos non perecedoiros, que se distribuirán despois desde a Concellaría de Benestar Social do Concello.

O torneo inclúe as categorías pre-benxamín (anos 2004-2007), benxamín (2002-2003), alevín (2000-2001), infantil (1998-1999) e cadete (1996-1997) e celebrarase no pavillón municipal de Gondomar e o colexio Chano Piñeiro, a partir das 09:00 horas deste domingo 3 de xuño.